Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000076**

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** DISTRIBUCIÓN DO GASTO EN ANUALIDADES DO PROXECTO: AFORRO ENERXÉTICO E SISTEMA DE CONTROL EN ETAP DE PONTILLÓN E OUTROS"

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000076

**ANTECEDENTES:**

No DOG nº 12 do 18 de xaneiro de 2017, saíu publicada a Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 29 de decembro de 2016 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014- 2020 (PRD).

No artigo 2, punto 1 da Resolución recolle que serán subvencionables os proxectos que teñan encadramento na Estratexia de Desenvolvemento local de cada GDR, de forma que respondan ás prioridades e aos obxectivos especificamente recollidos na estratexia.

Os proxectos non produtivos son os considerados que teñen un interese público ou colectivo e non supoñan o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica con finalidade lucrativa.

Tal e como se detalla no Anexo I, dentro dos tipos de proxectos non produtivos de prioridade alta (% da axuda máxima do 90%), encaixan os proxectos que contribuían á conservación do ambiente, adaptación e mitigación do cambio e á necesidade dunha transición cara unha sociedade que diminúa as súas emisións de carbono.

Por decreto de alcaldía de data 31 de marzo de 2017, aprobouse a solicitude de subvención ao abeiro desta convocatoria, correspondente ó 90% do orzamento total para o proxecto non produtivo Aforro enerxético e sistema de control en ETAP de Pontillón e outros por un importe de 60.728,65 € (90%) ascendendo o orzamento total do proxecto a 67.476,28 € e comprometerse a financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista.

Con data do 29 de xuño de 2017, a Asociación Terras de Compostela remitiu un correo electrónico onde se lles solicita ás entidades que presentaron iniciativas nesta convocatoria da Medida Leader, unha previsión da distribución da axuda por anualidades e o prazo máximo de execución das obras.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1.- Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.

2.- Para o proxecto "Aforro enerxético e sistema de control en ETAP de Pontillón e outros", nº

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: [illegible]/2017 - Fecha de decreto: 03/07/2017
Versión imprimible
CVD: h5JSREtKk8uhYzA+HzbM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000076

expediente L17.1920.19.0025, distribuír a axuda por anualidades do seguinte xeito:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 69/2017 - Fecha de decreto: 03/07/2017
Versión imprimible
CVD: h5JSREtKk8uhYzA+HzbM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000076

| **ANUALIDADE 2017** (90% da inversión total) | **ANUALIDADE 2018** (10% da inversión total) |
|---|---|
| Axuda (90%): 54.655,79 € | Axuda (90%): 6.072,87 € |
| Aportación concello (10%): 6.072,86 € | Aportación concello (10%): 674,76 € |
| **TOTAL: 60.728,65 €** | **TOTAL: 6.747,63 €** |
| **TOTAL PROXECTO: 67.476,28 €** | |

3.- Fixar como prazo máximo de execución o 31 de agosto de 2018.

4.-Comunicar esta resolución á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, á secretaría- intervención, departamento de contratación e ó coordinador de obras e servizos desta entidade.

En Boqueixón, luns 3 de xullo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 07/2017 - Fecha de decreto: 03/07/2017
Versión imprimible
CVD: h5JSREtKk8uhYzA+HzbM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000077

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** APROBAR LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE 3 PEÓNS FORESTAIS PARA O MANEXO DO VEHÍCULO MOTOBOMBA, SOLICITAR CANDIDATOS/AS, E APROBAR BASES PARA A PROVISIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DA CONTRATACIÓN DE 1 PEÓN FORESTAL ENCARGADO/A DO MANEXO E ACTUACIÓN DO VEHÍCULO MOTOBOMBA (V.M.B)

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000077

**ANTECEDENTES:**

Con data do 12 de xuño de 2017, realizouse o procedemento selectivo para a contratación de 3 peóns forestais encargados do manexo e actuación do vehículo motoboma (VMB), resultando seleccionados como titulares da praza, por orde de puntuación Mareque Rey Julián , e Canosa Montero Daniel, non habendo suplentes e quedando vacante unha das tres prazas.

O día 26 de xuño de 2017, rematou o prazo de presentación de reclamacións deste proceso selectivo, sen que se tivese realizado ningunha reclamación neste proceso.

Con data do 3 de xullo de 2017 MAYPE Centro de recoñecemento médico encargado de realizar o recoñecemento médico e ás probas físicas ós aspirantes, comunica que os candidatos superaron esta fase.

O prazo para realizar a contratación é urxente para cumprir co convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Boqueixón para a participación na prevención e defensa forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no Marco do PDR de Galicia 2014-2020, que establece compromiso da entidade local na acción de actuación de vehículos motobomba (VMB/S), e tense que facer entre o 1 ó 31 de xullo de 2017,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1º Publicar con data do 4 de xullo de 2017, no taboleiro de anuncios do concello de Boqueixón, a listaxe definitiva de titulares e suplentes do proceso selectivo para a contratación destas prazas:

Titular: Mareque Rey Julián

Canosa Montero Daniel

Suplentes: 0

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 70/2017 - Fecha de decreto: 04/07/2017
Versión imprimible
CVD: ipDeWsqJh7HrGGyUn0Jc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000077

2º Que dado que é preciso contratar a 3 peóns forestais e soamente teñen superado o proceso selectivo 2 candidatos, acórdase solicitar máis candidatos á Oficina de Emprego de Santiago Norte para poder realizar unha nova selección de candidatos e cubrir a praza vacante. Polo tanto, solicitarase unha oferta de emprego para unha praza de peón forestal para o manexo do vehículo motobomba (VMB) con carné de conducir C.

3º Que para a realización do proceso selectivo do peón forestal, apróbase as BASES PARA A PROVISIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DA CONTRATACIÓN DE 1 PEÓN FORESTAL ENCARGADO/A DO MANEXO E ACTUACIÓN DO VEHÍCULO MOTOBOMBA (V.M.B), que están no anexo que se xunta a está resolución

4º Comunicar esta resolución á secretaria-interventora, ó departamento de persoal e de contabilidade, e ó coordinador de obras e servizos do concello de Boqueixón.

ANEXO . BASES

BASES PARA A PROVISIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DA CONTRATACIÓN DE 1 PEÓN FORESTAL ENCARGADO/A DO MANEXO E ACTUACIÓN DO VEHÍCULO MOTOBOMBA (V.M.B)

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1.- A convocatoria ten por obxecto contratar 1 peón forestal encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba, co código: 95431028, durante 3,5 meses con data límite de formalización de contrato o 31 de xullo de 2017.

A modalidade contractual será a dun contrato baixo a modalidade de obra ou servizo a tempo completo e axustada ás necesidades do servizo. Tendo en conta que é compromiso do concello de Boqueixón manter operativo o VMB polo menos 16 horas ó día, tendo plena dispoñibilidade, incluíndo domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias durante a vixencia do convenio, realizando labouras de prevención e defensa contra os incendios forestais, sempre que non sexa requirido para a extinción destes.

2.- As funcións a realizar serán as seguintes:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº 70/2017 - Fecha de decreto: 04/07/2017
Versión imprimible
CVD: ipDeWsqJh7HrGGyUn0Jc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000077**

Labouras encamiñadas á prevención, construción e mellora da infraestrutura de defensa contra incendios forestais, que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios.

3.- A retribución do salario mensual bruto incluída a parte proporcional das pagas extras do traballador será de 1.187,27 euros/mes.

SEGUNDA.- CONDICIÓNS DOS/AS ASPIRANTES.

1. Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea.

2. Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

3. Estar inscrito coma desempregado/a no Servizo público de Emprego. Os/as candidatos/as serán preseleccionados pola Oficina de Emprego de Santiago Norte previa oferta presentada pola alcaldía do Concello de Boqueixón para a ocupación de peón forestal co código: 95431028.

4. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas (anexo II).

5. Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ao posto de traballo ao que se opta (anexo III DECLARACIÓN XURADA DE APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA)

6. Estar en posesión do permiso de conducir C.

TERCEIRA.- REQUISITOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS

Os/as aspirantes estarán preseleccionados pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, que remitirá candidatos/as previa oferta presentada por esta entidade requerindo candidatos/as na ocupación de peón forestal co código: 95431028, e estar en posesión do permiso de conducir C.

Datas para a realización das probas.- Os/as candidatos/as deberén presentarse, na data e hora que a Oficina Pública de Emprego requira (ben por carta ou por calquera outro medio de comunicación que a Oficina de Emprego acorde) nas dependencias municipais da Casa do Concello de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña) co DNI. Os/as candidatos/as realizarán unha proba escrita para optar ás prazas, unha proba práctica e baremación dos méritos. Para a preparación da proba escrita os candidatos/as poderán solicitar na alcaldía das dependencias municipais da Casa do Concello unha copia do temario.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº 70/2017 - Fecha de decreto: 04/07/2017
Versión imprimible
CVD: ipDeWsqJh7HrGGyUn0Jc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000077

Para realizar a selección presentarase oferta no Servizo Público de Emprego de Santiago Norte para que remitan candidatos/as desempregados/as inscritos/as no Servizo público de Emprego e procederase a realización de proba escrita, proba práctica e baremación de méritos.

CUARTA.- COMISIÓN SELECCIONADORA.

- A comisión seleccionadora será nomeada por Alcaldía e estará composto por 5 membros titulares e suplentes: un Presidente/a, 3 vogais, e un Secretario/a. De conformidade co establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o tribunal cualificador das probas selectivas será nomeado por Resolución de Alcaldía, velando na súa composición polo cumprimento dos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, tendo así mesmo na súa composición a paridade entre muller e home, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o personal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

O nomeamento dos membros da comisión seleccionadora se fará por resolución de alcaldía. Dita resolución se publicará no taboleiro de anuncios do concello de Boqueixón.

Para a válida constitución do comisión seleccionadora, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a presenza do presidente/a e do secretari/a ou de quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros titulares ou suplentes. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do presidente/a do Tribunal.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas Bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde das mesmas en todo o non previsto nas Bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 30/92, de 26 de novembro. O Tribunal continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións plantexadas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusarlles se concórrese algunha daquelas circunstancias.

QUINTA.- PROCESO DE SELECCIÓN.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto ... 70/2017 - Fecha de decreto: 04/07/2017
Versión imprimible
CVD: ipDeWsqJh7HrGGyUn0Jc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000077

A Comisión seleccionadora realizará

| Proceso selectivo | | Máximo a puntuar |
|---|---|---|
| FASE DE PROBAS | PROBA ESCRITA | 10 puntos |
| | PROBA PRÁCTICA_ | 15 puntos |
| BAREMACIÓN MÉRITOS | | 8 puntos |
| | TOTAL | 33 puntos |

1º.- FASE DE PROBAS:

Esta fase ten carácter obrigatoria e eliminatoria, consistirá na realización nun mesmo día de 2 exercicios, un teórico e outro práctico, e terá unha puntuación máxima de 25 puntos.

PROBA ESCRITA: Máximo de 10 puntos

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test relacionadas co posto ofertado e cos temas relacionados no anexo I.

Está dirixida a determinar os coñecementos dos aspirantes sobre a profesión. O examen tipo test terá unha resposta correcta por pregunta (Os erros non puntúan negativo).

Sendo 5 puntos a puntuación mínima esixida para superar esta proba.

A duración da proba escrita a decidirá a comisión seleccionadora.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 70/2017 - Fecha de decreto: 04/07/2017
Versión imprimible
CVD: ipDeWsqJh7HrGGyUn0Jc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es



Para a preparación da proba escrita os candidatos/as poderán solicitar nas dependencias municipais da Casa do Concello unha copia do temario.

PROBA PRÁCTICA: Máximo de 15 puntos

Consistirá nunha ou varias probas de carácter práctico acordada/s polo tribunal antes da realización das mesmas, determinando tamén o tempo de realización e a puntuación de cada unha delas.

Sendo 7,5 puntos a puntuación mínima esixida para superar esta proba.

As probas estarán relacionadas cas labouras encamiñadas á prevención, construción e mellora da infraestrutura de defensa contra incendios forestais, que diminúan o risco de propagación e que minoren os danos dos incendios e demais tarefas que o posto requira, dirixidas a determinar a destreza dos/as aspirantes no manexo das ferramentas, do vehículo e das actividades propias da extinción de incendios forestais.

2º.- BAREMACIÓN MÉRITOS : Máximo de 8 puntos

A puntuación obtida nesta fase, non será eliminatoria.

Baremo para a valoración de méritos é o seguinte:

1) A experiencia laboral computarase ata un máximo de 5 puntos:

- Traballos prestados como peón forestal/brigada na administración pública e/ou en empresa privada: Por cada mes completo traballado 0,50 puntos.

A experiencia acreditarase mediante informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguidade Social e mediante informe ou certificación expedido pola administración ou a empresa correspondente ou contrato de traballo).

Aqueles candidatos/as que traballasen no concello de Boqueixón poderán solicitar mediante a presentación do anexo IV para que o concello lle expida a correspondente certificación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 707/2017 - Fecha de decreto: 04/07/2017
Versión imprimible
CVD: ipDeWsqJh7HrGGyUn0Jc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2) Cursos, seminarios e xornadas relacionados co posto ofertado, a puntuación non poderá superar os 2 puntos. (NON SE VALORAN CURSOS DE INFORMÁTICA, E DE IDIOMAS). Establécese o seguinte baremo:

- Cursos entre 10 e 20 horas de duración: 0,10 puntos
- Cursos entre 21 e 30 horas de duración: 0,20 puntos
- Curso entre 31 e 40 horas de duración: 0,30 puntos
- Curso entre 41 e 50 horas de duración: 0,40 puntos
- Curso de entre de 51 a 100 horas de duración: 0,50 puntos
- Curso de máis de 101 horas de duración: 1 punto

3) Cursos de galego ou validación (a puntuación non poderá superar 1 punto): só se computará o de nivel máis alto (ó final destas bases hai un anexo das validacións dos CELGAS):

Celga 4 ou validación: 1 punto.

Celga 3 ou validación: 0,75 puntos.

Celga 2 ou validación: 0,50 puntos.

Celga 1 ou validación: 0,25 puntos.

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citado tribunal, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

Os méritos que aleguen os/as interesados/as e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta, acreditaranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes, que presentarán cotexadas fidedignamente, significándose que non se valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non estiveran suficientemente acreditados.

Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os presentados na data de realización do proceso selectivo. A falta de acreditación dos méritos non será subsanable e xerará a non valoración dos mesmos.

Os empates producidos nas puntuacións obtidas por 2 ou máis candidatos/as na puntuación final dirimirase atendendo á puntuación máis alta acadada na proba práctica, se segue existindo empate, atenderase á puntuación máis alta acadada na proba escrita e se segue existindo empate atenderase á puntuación máis alta acadada no apartado de experiencia laboral na fase de baremación de méritos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 70/2017 - Fecha de decreto: 04/07/2017
Versión imprimible
CVD: ipDeWsqJh7HrGGrUn0Jc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000077

SEXTA- LISTA DE APROBADOS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Terminada a cualificación de todos os exercicios, o tribunal publicará no Taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal a relación de aspirantes aprobados pola orde de puntuación.

Previamente á contratación do aspirante con maior puntuación, e segundo se detalla na cláusula sexta, punto 5 do convenio de colaboración asinado coa Consellería do Medio Rural, o persoal encargado do manexo e actuación do vehículo VMB debe realizar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar este recoñecemento médico nen a proba física non se poderá realizar a contratación de dito aspirante.

Unha vez cumpridos estes requisitos favorablemente, a comisión seleccionadora formulará a proposta de contratación a favor do aspirante que figuren con maior puntuación, constituíndo o resto de aspirantes aprobados lista de reserva.

Dita lista de reserva será exclusivamente a efectos de cobertura de renuncias, de baixas en relación coa contratación vinculada ó procedemento obxecto destas bases, non outorgando ós integrantes da lista de reserva dereito algún en relación a outros procesos de contratación.

Abrirase un prazo para a presentación das alegacións ós resultados acadados que se indicará cando se publique o listado da puntuación final. De non presentarse elevarase a definitivo a lista que se publicará no taboleiro de anuncios do concello de Boqueixón.

SÉTIMA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta da Comisión de Selección será elevada ó alcalde para que formule a contratación das persoas que obteñan mellor puntuación, en número que non supere a das prazas obxecto da convocatoria.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº 70/2017 - Fecha de decreto: 04/07/2017
Versión imprimible
CVD: ipDeWsqJh7HrGGyUn0Jc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es



A formalización do contrato realizarase conforme o previsto na lexislación vixente.

OITAVA: INCIDENCIAS.

1º A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

2º Este acordo publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Boqueixón.

Anexo I. TEMARIO

TEMA 1. Listado de parroquias e núcleos do Concello de Boqueixón.

TEMA 2. Defensa contra os incendios forestais, peóns e condutores

TEMA 3. Funcionalidade e operatividade dos vehículos autobomba na extinción de incendios forestais.

**ANEXO II**

**Declaración xurada do cumprimento dos requisitos legais para a participación na convocatoria**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº 70/2017 - Fecha de decreto: 04/07/2017
Versión imprimible
CVD: ipDeWsqJh7HrGGyUn0Jc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000077**

**pública para a selección dun PEÓN FORESTAL ENCARGADO DO MANEXO E ACTUACIÓNS DO VEHÍCULO MOTOBOMBA (2017)**

Don/a.........................................................................................................,
con DNI.................... e domicilio en ..........................................................,
nacional de............................., a efectos de poder participar no proceso selectivo de CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN PEÓN FORESTAL .

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas en non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.

Así mesmo, a efectos do previsto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes,
DECLARA:
- Que non desempeña ningún posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro da Lei 53/1984,
- Que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.

En Boqueixón, o ...... de ........... de 2017

Sinatura:...................................................

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 70/2017 - Fecha de decreto: 04/07/2017
Versión imprimible
CVD: ipDeWsqJh7HrGGyUn0Jc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000077**

## Anexo III
## DECLARACIÓN XURADA DE APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA

**Nome e apelidos:...........................................................................................**
**DNI:...................................... Data nacemento:.....................................**
**Domicilio:...........................................................................................Localidade:**
**.............................................. Provincia:...........................**
**Código postal: .......................... Núm. Teléfono:........................................**
**E-mail:..............................................................................................**

Baixo a promesa ou xuramento e baixo a miña enteira responsabilidade, DECLARO que non padezo enfermidade infecto-contaxiosa, e que conto cas condicións físicas e psíquicas necesarias para a realización das actividades físicas de esforzo que require o posto de traballo.

Así mesmo, **DECLARO** ter sido informado polo Concello de Boqueixón que no suposto de que eu teña dúbidas sobre si padezo algunha enfermidade infecto-contaxiosa e que reúno as condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización do traballo, é aconsellable que, con carácter previo á contratación, faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidese impedir a normal realización do traballo nas condicións debidas podendo aportar certificado médico acreditativo deses extremos.

Para que conste e surta os efectos oportunos, asino a presente,

Boqueixón, .........de ......................... de 2017

O/A interesado/a:..........................................

Decreto Nº: 70/2017 - Fecha de decreto: 01/07/2017
Versión imprimible . .
CVD: ipDeWsqJh7HrGGyUn0Jc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000077

**Anexo IV**

**Solicitude de certificación laboral do Concello de Boqueixón para valorar na fase de méritos do proceso selectivo dun peón forestal encargado/a do manexo e actuacións do vehículo motobomba (2017)**

**Nome e apelidos:**.........................................................................................
**DNI:**.......................................... **Data nacemento:**.......................................
**Domicilio:**..............................................................................................**Localidade:**
................................................ **Provincia:**...........................
**Código postal:** .......................... **Núm. Teléfono:**.......................................
**E-mail:**...............................................................................................

**DECLARA** ter traballado nesta entidade local, e **SOLICITA,** para o efectos de que lle sexa valorado os méritos no apartado de experiencia laboral neste proceso selectivo, un certificado da experiencia laboral no concello de Boqueixón.

Boqueixón, .........de.................................de 2017

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº 70/2017 - Fecha de decreto: 04/07/2017
Versión imprimible
CVD: ipDeWsqJh7HrGGyUn0Jc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000077

## Anexo V. Celga: validacións

O sistema de validacións dos Celga é o seguinte:

**1. Serán validables polo Certificado de lingua galega 1(Celga 1):**

- O certificado do curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia ata a entrada en vigor desta orde.
- O certificado de curso de lingua galega para non galego-falantes impartidos polas universidades galegas, ata a entrada en vigor desta orde.
- O certificado do nivel básico dos estudos de galego da UNED ata a entrada en vigor desta orde.

**2. Serán validables polo Certificado de lingua galega 2 (Celga 2):**

- O título de graduado escolar, sempre que se estudase toda a EXB ou primaria en Galicia e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- O certificado do curso de nivel medio de lingua e cultura galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia, ata a entrada en vigor desta orde
- O certificado do nivel medio dos estudos de galego da UNED ata a entrada en vigor desta orde.
- O certificado de ter cursado e aprobado as materias de ciencias sociais e as materias optativas de galego da ESO nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e Castela e León, subscrito entre ambas as dúas comunidades.

**3. Serán validables polo Certificado de lingua galega 3 (Celga 3):**

- O título de graduado en educación secundaria obrigatoria (ESO) ou técnico auxiliar (FP1), sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- O certificado do ciclo inicial de galego expedido polas escolas oficiais de idiomas.
- O certificado de ter cursado e aprobado as materias de ciencias sociais e as materias optativas de galego na ESO e no bacharelato nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e Castela e León, subscrito entre ambas as dúas comunidades.
- **Certificado de aptitude dos cursos de Iniciación de lingua galega (segundo Orde do 1º de abril de 2005 )**

**4. Serán validables polo Certificado de lingua galega 4 (Celga 4):**

- O título de bacharelato (LOXSE ou BUP) ou técnico de FP2, sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- A certificación do curso de especialización en lingua galega para profesores de EXB.

**5. Serán validables polo Certificado de lingua galega 5 (Celga 5):**

- O título de licenciado en filoloxía galega ou filoloxía hispánica (subsección de galego-portugués).
- Calquera outro título de licenciatura, diplomatura ou equivalente, sempre que se acompañe de certificación de que se cursaron, polo menos, 18 créditos de lingua galega, e se estea en posesión do Celga 4.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 70/2017 - Fecha de decretos: 04/07/2017
Versión imprimible
CVD: ipDeWsqJh7HrGGyUn0Jc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000077**

- O certificado do ciclo superior de galego, expedido polas escolas oficiais de idiomas conforme ao programa previsto no Real decreto 47/1992, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os contidos mínimos correspondentes ao ensino especializado das linguas españolas impartidas nas escolas oficiais de idiomas.

Atendendo á *ORDE de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecementos da lingua galega (Celga).* (DOG. núm. 34 do 19 de febreiro de 2014).CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA:"Tres. A disposición adicional segunda queda redactada da seguinte maneira: «Disposición adicional segunda. Valoración de méritos e requisitos

1. Para a valoración de méritos, naqueles casos nos que proceda, e para o acceso á función pública galega, así como naqueles procedementos nos que se esixa o coñecemento da lingua galega, excepto para o estipulado na letra c) do apartado 5 do anexo I da presente orde, terá a mesma validez posuír **as certificacións de aptitude dos niveis de lingua galega oral, iniciación e perfeccionamento** (expedidas ao amparo da Orde do 19 de xaneiro de 1989 e da Orde do 1 de abril de 2005, ou da normativa anterior) que posuír as certificacións de aptitude dos Celga 1, Celga 3 e Celga 4, respectivamente.

2. Nas bases das convocatorias de oposicións, concursos de méritos ou en calquera outro procedemento estableceranse os niveis de lingua esixidos como requisito ou como mérito. Para iso, todos estes procedementos terán que axustarse ás convalidaciones establecidas na presente orde»."

Para facer efectiva a validación débese proceder do xeito seguinte:
No caso de que o título ou certificado para validar corresponda ao ensino regrado preuniversitario, é dicir, EXB, Primaria, Secundaria ou Formación Profesional, a validación correspondente deberá solicitarse ao secretario/a do centro no que se estudou, xa que alí se custodian as cualificacións.

No resto dos casos, as validacións solicitaranse á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

En Boqueixón, martes 4 de xullo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 70/2017 - Fecha de decreto: 04/07/2017
Versión imprimible
CVD: ipDeWsqJh7HrGGyUn0Jc
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000079

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** NOMEAMENTO E OBRIGAS DE CONTRATACIÓN. PROCESO SELECTIVO DE 4 OPERARIOS DE SERVIZOS MÚLTIPLES PARA UN PERÍODO DE 5 MESES MEDIANTE O PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DE BOQUEIXÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O ANO 2017 (COD. EXPEDIENTE DA DEPUTACIÓN: 2017000002117)

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000079

**ANTECEDENTES:**

Unha vez finalizado o prazo de presentación de reclamacións do procedemento selectivo para a contratación de 4 operarios de servizos múltiples para un período de 5 meses mediante o Programa de integración laboral de Boqueixón da Deputación da Coruña para o ano 2017 (Cod. Exp.: 2017000002117), sen que se tivese realizado ningunha reclamación, resultando seleccionados como titulares e suplentes da praza por orde de puntuación:

Titulares:

AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO

FERNÁNDEZ BUJÁN MANUEL

VÁZQUEZ GONZÁLEZ JOSÉ MANUEL

AGRELO FERNÁNDEZ MANUEL CARLOS

Suplentes:

BALO MOSQUERA FIDEL

VÁZQUEZ COSTA EMILIO JOSÉ

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1º Publicar con data do 5 de xullo de 2017, no taboleiro de anuncios do concello de Boqueixón, a listaxe definitiva de titulares e suplentes do proceso selectivo para a contratación da praza:

Titulares:

AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO
FERNÁNDEZ BUJÁN MANUEL
VÁZQUEZ GONZÁLEZ JOSÉ MANUEL

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 71/2017 - Fecha de decreto: 05/07/2017
Versión imprimible
CVD: k8eMBoYtHHkAIK71Hohq
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000079**

AGRELO FERNÁNDEZ MANUEL CARLOS

Suplentes:

BALO MOSQUERA FIDEL
VÁZQUEZ COSTA EMILIO JOSÉ

2º Realizar a contratación dos traballadores seleccionados como titulares dende o día 6 de xullo de 2017 ata o 5 de decembro de 2017, ambos inclusive, de conformidade coa lexislación vixente, e as condicións establecidas nas citadas bases da convocatoria, atendendo á Resolución núm. 2016/31551, da Deputación da Coruña pola que se aproban as bases reguladoras do Programa de Integración Laboral (BOP. Núm. 243, luns 26 de decembro de 2016), e a solicitude de axuda presentada.

A contratación debe realizarse atendendo a unha xornada laboral do 80% durante un período de 5 meses, mediante un contrato temporal de obra ou servizo determinado. Categoría profesional: peón-operario de servizos múltiples.

3º Cumprir cas obrigas establecidas na base 7ª. Deberes e compromisos da citada Resolución núm. 2016/31551, da Deputación da Coruña pola que se aproban as bases reguladoras do Programa de Integración Laboral

4º O importe de axuda concedido ó Concello de Boqueixón é de 26.764,48 euros, publicado no BOP. Núm. 83 do 3 de abril de 2017 mediante resolución núm. 2017/10153 de 29 /03/2017 pola que se aproba o Programa de Integración Laboral (PEL-CONCELLOS) mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concello da provincia, anualidade 2017, está destinado a soldos e salarios, seguridade social a cargo da entidade local, indemnización por fin de contrato, e formación en prevención de riscos laborais destinado ós traballadores contratados.

5º Comunicar esta resolución á secretaria-interventora, ó departamento de persoal e de contabilidade, e ó coordinador de obras e servizos do concello de Boqueixón.

En Boqueixón, mércores 5 de xullo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº 71/2017 - Fecha de decreto: 05/07/2017
Versión imprimible
CVD: k8eMBoYtHHkAIK71Hohg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000078

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** SERVIZO LIMPEZA CONTEDORES

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000078

**ANTECEDENTES:**

Ademáis do servizo de recollida e lixo tamén é importante a limpeza de contedores, para manter en bo estado de conservación os mesmos e evitar a propagación de infeccións ou enfermidades.

Para facer este traballo consignouse no orzamento do ano 2017 a partida correspondente, e desde o Departamento de Servizos, solicitáronse ofertas a 3 empresas especialistas do sector que presentaron as seguintes propostas:

Urbaser

Prezo da limpeza de cada contedor: 9.55 euros ( IVE non incluído)

Coregal

Prezo da limpeza de cada contedor: 7 euros ( IVE non incluído)

Vázquez y Garzón, SL

Prezo da limpeza de cada contedor: 7 euros ( IVE non incluído)

No caso da empresa Vázquez y Garzón, SL, os traballos de limpeza comezarán a partires do día 3 de xullo, mentras que Coregal non fai ningunha observación ó respecto.

O importe total estimado do servizo, tendo en conta que no concello hai un número aproximado de 650 contedores, é de 4.550,00 euros ( + IVE do 10%), polo que segundo as bases de execución do presuposto, é preciso realizar unha proposta razoada, xustificando o expediente coa consulta a 3 empresas.

É urxente que se inicien os traballos posto que na época de verán e coas altas temperaturas, é preciso combater os olores e previr as posibles infeccións que se poidan orixinar, a raíz da mala conservación dos contedores.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 72/2017 - Fecha de decreto: 05/07/2017
Versión imprimible
CVD: opbX8CytvSxtDNJhHvZS
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000078**

Polo tanto, e contando con que a empresa Vázquez y Garzón, SL empeza os traballos de xeito inmediato, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1. Adxudicar o contrato do servizo de limpeza e desinfección dos contedores do Concello de Boqueixón á empresa Vázquez y Garzón, SL por importe de 7 euros + IVE ( 10%)

2. Facer o pagamento do servizo con cargo á partida 162.1.227.99 do orzamento do ano 2017, na que hai consignación suficiente para facer o pagamento.

En Boqueixón, mércores 5 de xullo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 72/2017 - Fecha de decreto: 05/07/2017
Versión imprimible
CVD: opbX8CytvSxtDNJhHvzS
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000080

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** APROBACIÓN FACTURA EPTISA, SL

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000080

**ANTECEDENTES:**

Na Xunta de Goberno realizada o día 22 de xuño, aprobouse a certificación núm. 2 e final da obra denominada Camiño de Ramil a área recreativa e outros por importe de 38.272,72 euros, executada por Oviga,SL

No mesmo acordo expoñíase que o concello estaba pendente de recibir a factura dos últimos ensaios do control de calidade que realiza Eptisa, SL , e que no momento que chegara esta factura, o importe da mesma descontaríase do total da certificación.

Con data 5 de xullo ten entrada a factura de Eptisa, SL por un importe de 387,20 euros polo que é preciso aprobala para facer o máis axiña posible o pagamento da certificación

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

Aprobar a factura núm. EE0170217 emitida por Eptisa, SL polo control de calidade realizado na obra Camiño de Ramil a área recreativa e outros por importe de 387,20 euros.

Comunicar a Tesourería que faga o pagamento desta factura deducindo o custo do control de calidade do importe da certificación de obra, ingresando a diferenza á empresa adxudicataria (38.272,72 - 387,20 = 37.885,52 euros que se lle deben aboar a Oviga SL)

En Boqueixón, mércores 5 de xullo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 73/2017 - Fecha de decreto: 05/07/2017
Versión imprimible
CVD: 7pXRu6Kd08Vq/sSUvdbp
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000081

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** APROBAR LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS, SOLICITAR CANDIDATOS/AS, E APROBAR BASES PARA A PROVISIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DA CONTRATACIÓN DE 4 PEÓNS FORESTAIS PARA CONSTITUIR AS BRIGADAS DE PREVENCIÓN, VIXIANZA E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000081

**ANTECEDENTES:**

Con data do 13 de xuño de 2017, realizouse o procedemento selectivo para a contratación de 6 peóns forestais para a provisión da brigada de prevención, vixianza e defensa contra incendios forestais, resultando seleccionados como titulares da praza, por orde de puntuación JOSÉ CAJIDE GÓMEZ, RENDO FERNÁNDES VICTOR, LÓPEZ AGRELO DIEGO, CAJIDE NEIRO ALBERTO, AGRELO FERNÁNDEZ MANUEL CARLOS, non habendo suplentes, e tendo soamente 5 candidatos dos 6 que se precisan para cubrir o posto.

O día 26 de xuño de 2017, rematou o prazo de presentación de reclamacións deste proceso selectivo, sen que se tivese realizado ningunha reclamación neste proceso.

Con data do 3 de xullo de 2017 MAYPE Centro de recoñecemento médico encargado de realizar o recoñecemento médico e as probas físicas ós aspirantes, comunica que os candidatos superaron esta fase.

O candidato Agrelo Férnandez Manuel Carlos, está seleccionado como titular noutro proceso selectivo nesta entidade (operario de servizos múltiples para un período de 5 meses mediante o Programa de Integración Laboral de Boqueixón subvencionado pola Deputación da Coruña). Con data do 5 de xullo de 2017 presenta escrito nesta entidade local aceptando a contratación como operario de servizos múltiples e renunciando ó resto de prazas.

Os candidatos José Cajide Gómez e Rendo Fernández Victor son titulares de praza noutro proceso selectivo desta entidade local para a provisión de 2 peóns condutores de brigada de prevención, vixianza e defensa contra incendios forestais.

O prazo para realizar a contratación é urxente para cumprir co convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Boqueixón para a participación na prevención e defensa forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no Marco do PDR de Galicia 2014-2020, e tense que facer entre o 1 ó 31 de xullo de 2017,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº 747/2017 - Fecha de decreto: 05/07/2017
Versión imprimible
CVD: wDCFwH4UYtSg22fpm+8w
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs. 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000081

1º Publicar con data do 5 de xullo de 2017, no taboleiro de anuncios do concello de Boqueixón, a listaxe definitiva de titulares e suplentes do proceso selectivo para a contratación destas prazas:
Titular: Cajide Gómez José
Rendo Fernándes Víctor
López Agrelo Diego
Cajide Neira Alberto

Suplentes: 0
Renuncia á praza de titular: Agrelo Fernández Manuel Carlos

2º Que dado que é preciso contratar a 6 peóns forestais e soamente teñen superado o proceso selectivo 5 candidatos, e un dos 5 candidatos renuncia á praza, e 2 candidatos están á espera de aceptar outro contrato coa entidade, acórdase solicitar máis candidatos á Oficina de Emprego de Santiago Norte para poder realizar unha nova selección de candidatos e cubrir as prazas vacantes. Polo tanto, solicitarase unha oferta de emprego para 4 prazas de peón forestal para a provisión da BRIGADA DE PREVENCIÓN, VIXIANZA E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

3º Que para a realización do proceso selectivo dos 4 peóns forestais, apróbase as BASES PARA A PROVISIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DA CONTRATACIÓN DE 4 PEÓNS FORESTAIS PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN, VIXIANZA E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS que están no anexo que se xunta a está resolución.

4º Comunicar esta resolución á secretaria-interventora, ó departamento de persoal e de contabilidade, e ó coordinador de obras e servizos do concello de Boqueixón.

**ANEXO . BASES**

**BASES PARA A PROVISIÓN EN RÉXIMEN LABORAL TEMPORAL DA CONTRATACIÓN DE 4 PEÓNS FORESTAIS PARA CONSTITUIR AS BRIGADAS DE PREVENCIÓN, VIXILANCIA E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.**

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1.- A convocatoria ten por obxecto contratar a 4 peóns forestais para constituir as brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra incendios, (segundo o convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Boqueixón para a participación na prevención e defensa forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no Marco do PDR de Galicia 2014-2020)

A duración da contratación será de 3 meses.

A modalidade contractual será a dun contrato baixo a modalidade de obra ou servizo a tempo completo e axustada ás necesidades do servizo. Tendo en conta que é compromiso do concello de Boqueixón que as brigadas teñan plena dispoñibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

2.- As funcións serán as seguintes e conforme o establecido no convenio de colaboración subscrito:
Tal e como establece o punto 11 da cláusula oitava do convenio, realizar as labouras de prevención

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº 74/2017 - Fecha de decreto: 05/07/2017
Versión imprimible
CVD: wDCFwH4UYtSg22fpm+8w
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es



(roza, rareo e eliminación de restos) nos 3 meses de operatividade das dúas brigadas en vía e camiños forestais, áreas de cortalumes, e nas súas faixas de xestión de biomasa de titularidade municipal, ou en superficies sobre os cales a entidade local terá cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 terceiro da Lei 3/2017, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ou superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición. Todo elo cando non sexa posible a mecanización de ditos traballos. Cando concurran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización das brigadas fóra do termo municipal.

3.- A retribución do salario bruto incluída a parte proporcional das pagas extras dos traballadores:

| OCUPACIÓN | RETRIBUCIÓN |
|---|---|
| Peón de brigada | 1.070,60 euros/mes |

SEGUNDA.- CONDICIÓNS DOS/AS ASPIRANTES.

a) Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea.
b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
c) Estar inscrito coma desempregado/a no Servizo público de Emprego. Os candidatos serán preseleccionados pola Oficina de Emprego de Santiago Norte previa oferta presentada pola alcaldía do Concello de Boqueixón para as ocupacións de: 4 postos de peóns de brigada, no código 95431028.
d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas. (anexo II).
e) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correpondentes ao posto de traballo ao que se opta (anexo III DECLARACIÓN XURADA DE APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA)

TERCEIRA.- REQUISITOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS

Os/as aspirantes estarán preseleccionados pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, que remitirá candidatos/os previa oferta presentada por esta entidade requerindo candidatos/as na ocupación e código arriba indicado.

Datas para a realización das probas.- Os/as candidatos/s deberén presentarse, na data e hora que a Oficina Pública de Emprego requira (ben por carta ou por calquera outro medio de comunicación que a Oficina de Emprego acorde) nas dependencias municipais da Casa do Concello de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña) co DNI. Os/as candidatos/as deberán realizar unha proba escrita para optar ás prazas, baremación dos méritos e valoración do tempo como desempregados/as. Para a preparación da proba escrita os candidatos/as poderán solicitar na alcaldía das dependencias municipais da Casa do Concello unha copia fotocopiada do temario.

Para realizar a selección presentarase oferta no Servizo Público de Emprego de Santiago Norte para que remitan candidatos/as desempregados/as inscritos/as no Servizo público de Emprego e procederase a realización de proba escrita, proba práctica e baremación de méritos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 74/2017 - Fecha de decreto: 05/07/2017
Versión imprimible
CVD: wDCFwH4UYtSg22fpm+8w
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000081

CUARTA.- COMISIÓN SELECCIONADORA.

- A comisión seleccionadora será nomeada por Alcaldía e estará composto por 5 membros titulares e suplentes: un Presidente/a, 3 vogais, e un Secretario/a. De conformidade co establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o tribunal calificador das probas selectivas será nomeado por Resolución de Alcaldía, velando na súa composición polo cumprimento dos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, tendo así mesmo na súa composición a paridade entre muller e home, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o personal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

O nomeamento dos membros da comisión seleccionadora farase por resolución de alcaldía. Dita resolución publicarase no taboleiro de edictos do concello de Boqueixón.

Para a válida constitución do comisión seleccionadora, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requerirase a presenza do presidente e do secretario ou de quen lles sustitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros titulares ou suplentes. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do presidente/a da comisión seleccionadora.

A comisión seleccionadora resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas Bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garanticen a debida orde das mesmas en todo o non previsto nas Bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas. O Tribunal continuará constituido ata tanto se resolvan as reclamacións plantexadas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, debendo notificalo á presidencia, en caso contrario poderán ser recusados polos/as aspirantes se concurre algunha daquelas circunstancias.

QUINTA.- PROCESO DE SELECCIÓN.

| **Proceso selectivo** | **Máximo a puntuar** |
|---|---|
| 1º.- FASE DE PROBAS: PROBA ESCRITA | Máximo de 6 puntos |
| 2º.- BAREMACIÓN MÉRITOS | Máximo de 3 puntos |
| 3º.- TEMPO COMO DESEMPREGADO | Máximo de 1 puntos |

A Comisión seleccionadora realizará unha fase de probas que puntuará un máximo de 6 puntos, unha fase de baremación de méritos que puntúa un máximo de 3 puntos, e unha valoración do tempo en desemprego dos/as candidatos/as que puntúa un máximo de 1 punto, sumando como máximo 10 puntos todo o proceso selectivo, tal e como segue:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 74/2017 - Fecha de decreto: 05/07/2017
Versión imprimible
CVD: wDCFwH4UYtSg22fpm+8w
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000081

1º.- FASE DE PROBAS:
Esta fase ten carácter obrigatoria e eliminatoria, consistirá na realización dun exercicio, un teórico e terá unha puntuación máxima de 6 puntos.

PROBA ESCRITA: Máximo de 6 puntos
Consistirá en contestar un cuestionario tipo test relacionado co posto ó que opta, cos temas relacionados no anexo I.

Está dirixida a determinar os coñecementos dos aspirantes sobre a profesión e o coñecemento do medio. O examen tipo test terá unha resposta correcta por pregunta. (Os erros non puntúan negativo).

Sendo 3 puntos a puntuación mínima esixida para superar esta proba.

A duración da proba escrita a decidirá a comisión seleccionadora.

Para a preparación da proba escrita os candidatos/as poderán solicitar nas dependencias municipais da Casa do Concello unha copia do temario.

2º.- BAREMACIÓN MÉRITOS : Máximo de 3 puntos

A puntuación obtida nesta fase, non será eliminatoria.
Baremo para a valoración de méritos é o seguinte:
1) A experiencia laboral computarase ata un máximo de 1 puntos:

Para os postos de peóns de brigada:

- Traballos prestados como peón de brigada/peón forestal na administración pública e/ou en empresa privada: Por cada mes completo traballado: 0,10 puntos.

A experiencia acreditarase mediante informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguidade Social e mediante informe ou certificación expedido pola administración ou a empresa correspondente ou contrato de traballo.
Aqueles candidatos/as que traballasen no concello de Boqueixón poderán solicitar mediante a presentación do anexo IV para que o concello lle expida a correspondente certificación.

2) Para todos os postos, a formación valorarase do seguinte xeito:
Cursos, seminarios e xornadas relacionados co posto ofertado, a puntuación non poderá superar un 1 punto. (NON SE VALORAN CURSOS DE INFORMÁTICA, E DE IDIOMAS). Establécese o seguinte baremo:

- Cursos entre 10 e 20 horas de duración: 0,10 puntos
- Cursos entre 21 e 30 horas de duración: 0,20 puntos
- Curso entre 31 e 40 horas de duración: 0,30 puntos
- Curso entre 41 e 50 horas de duración: 0,40 puntos
- Curso de entre de 51 a 100 horas de duración: 0,50 puntos
- Curso de máis de 101 horas de duración: 1 punto

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 747/2017 - Fecha de decreto: 05/07/2017
Versión imprimible
CVD: wDCFwH4UYtSg22fpm+8w
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es



3) Cursos de galego ou validación (a puntuación non poderá superar 1 punto): só se computará o de nivel máis alto (ó final destas bases hai un anexo das validacións dos CELGAS):

Celga 4 ou validación: 1 punto.
Celga 3 ou validación: 0,75 puntos.
Celga 2 ou validación: 0,50 puntos.
Celga 1 ou validación: 0,25 puntos.

3.- Valorarase o tempo como desempregado desde o último traballo (segundo informe de vida laboral): máximo 1 punto.

| | |
|---|---|
| **Menos de 12 meses** | **0,25 puntos** |
| **De 12 a 18 meses** | **0,50 puntos** |
| **Máis de 18 meses** | **1 punto** |

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citado tribunal, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

Os méritos que aleguen o/as interesados/as e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta, acreditaranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes, que presentarán cotexadas fidedignamente, significándose que non se valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non estiveran suficientemente acreditados.

Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os presentados na data de realización do proceso selectivo. A falta de acreditación dos méritos non será subsanable e xerará a non valoración dos mesmos.

Os empates producidos nas puntuacións obtidas por 2 ou máis candidatos/as na puntuación final dirimirase atendendo á puntuación máis alta acadada no apartado de experiencia laboral na fase de baremación de méritos, se segue existindo empate atenderase á puntuación máis alta acadada na proba teórica, se segue existindo empate atenderase á puntuación máis alta acadada no apartado de formación e se segue existindo empate, atenderase ó apartado de cursos de galego ou validación.

SEXTA- LISTA DE APROBADOS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Terminada a calificación de todos os exercicios, a comisión seleccionadora publicará no Taboleiro de anuncios da corporación a relación de aspirantes aprobados pola orde de puntuación.

Previamente á contratación dos aspirantes con maior puntuación, e segundo se detalla na cláusula oitava, punto 4 do convenio de colaboración asinado coa Consellería do Medio Rural, o persoal que formará as brigadas, debe realizar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar este recoñecemento médico nen a proba física non se poderá realizar a contratación de dito aspirante.

Unha vez cumpridos estos requisitos favorablemente, a comisión seleccionadora formulará a proposta

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 747/2017 - Fecha de decreto: 05/07/2017
Versión imprimible
CVD: wDCFwH4UYtSg22fpm+8w
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es



de contratación a favor dos aspirantes que figuren con maior puntuación, constituíndo o resto de aspirantes aprobados lista de reserva.

Dita lista de reserva será exclusivamente a efectos de cobertura de renuncias, de baixas en relación coa contratación vinculada ó procedemento obxecto destas bases, non outorgando ós integrantes da lista de reserva dereito algún en relación a outros procesos de contratación.

Abrirase un prazo de presentación das alegacións ós resultados acadados que se indicará cando se publique o listado da puntuación final. De non presentarse elevarase a definitivo a lista que se publicará no taboleiro de anuncios.

SÉTIMA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta da Comisión de Selección será elevada ao alcalde para que formule a contratación das persoas que obteñan mellor puntuación, en número que non supere a das prazas obxecto da convocatoria.

A formalización do contrato realizarase conforme o previsto na lexislación vixente.

OITAVA: INCIDENCIAS.

1º A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

2º Esta Resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello de Boqueixón,

Anexo I. TEMARIO

| POSTOS DE PEÓNS DE BRIGADA |
|---|
| TEMA 1. Listado de parroquias e núcleos do Concello de Boqueixón. |
| TEMA 2. O pladiga |
| TEMA 3. Comportamento do lume |
| TEMA 4: Extinción dos incendios forestais |
| TEMA 5: Ataque directo |
| TEMA 6: Ataque indirecto |
| TEMA 7: A liña de control |

Decreto Nº: [illegible]/2017 - Fecha de decreto: 05/07/2017
Versión imprimible
CVD: wDCFwH4UYtSg22fpm+8w
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000081

**ANEXO II**

**Declaración xurada do cumprimento dos requisitos legais para a participación na convocatoria pública para a selección de PEÓN DE BRIGADA PARA A ACTUACIÓN DAS BRIGADAS DE PREVENCIÓN, VIXILANCIA E DEFENSA FORESTAL (2017)**

Don/a..................................................................................................,
con DNI..................... e domicilio en .............................................................,
nacional de................., a efectos de poder participar no proceso selectivo de:

| | |
|---|---|
| | PEÓN DE BRIGADA |
| | PEÓN DE BRIGADA CONDUCTOR |
| | XEFE DE BRIGADA |

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- Asemesmo, a efectos do previsto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes,

DECLARA:

- Que non desempeña ningún posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro da Lei 53/1984,
- Que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.

En Boqueixón, o ...... de ............ de 2017

Sinatura:...................................................

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 74/2017 - Fecha de decreto: 05/07/2017
Versión imprimible
CVD: wDCFwH4UYtSg22fpm+8v
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000081**

## Anexo III
## DECLARACIÓN XURADA DE APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA

**Nome e apelidos:**.............................................................................................
**DNI:**...................................... **Data nacemento:**.......................................
**Domicilio:**..........................................................................................**Localidade:**
.................................................. **Provincia:**..............................
**Código postal:** ........................... **Núm. Teléfono:**.........................................
**E-mail:**.............................................................................................................

Baixo a promesa ou xuramento e baixo a miña enteira responsabilidade, DECLARO que non padezo enfermidade infecto-contaxiosa, e que conto cas condicións físicas e psíquicas necesarias para a realización das actividades físicas de esforzó que require o posto de traballo.

Asemesmo, **DECLARO** ter sido informado polo Concello de Boqueixón que no suposto de que eu teña dúbidas sobre si padezo alguna enfermidade infecto-contaxiosa e que reúno as condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización do traballo, é aconsellable que, con carácter previo á contratación, faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidese impedir a normal realización do traballo nas condicións debidas podendo aportar certificado médico acreditativo deses extremos.

Para que conste e surta os efectos oportunos, asino a presente,

Boqueixón, .........de ......................... de 2017

O/A interesado/a:......................................................

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº .../2017 - Fecha de decreto: 05/07/2017
Versión imprimible
CVD: wDCFwH4UYtSg22fpm+8w
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000081**

## Anexo IV

### Solictude de certificación laboral do Concello de Boqueixón para valorar na fase de méritos do proceso selectivo de BRIGADAS FORESTAIS (2017)

**Nome e apelidos:**..............................................................................
**DNI:**....................................... **Data nacemento:**......................................
**Domicilio:**..................................................................................**Localidade:**
................................................. **Provincia:**............................
**Código postal:** ........................... **Núm. Teléfono:**.......................................
**E-mail:**...........................................................................................

**DECLARA** ter traballado nesta entidade local, e **SOLICITA,** para o efectos de que lle sexa valorado os méritos no apartado de experiencia laboral neste proceso selectivo, un certificado da experiencia laboral no concello de Boqueixón.

Boqueixón, .........de...........................de 2017

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº 74/2017 - Fecha de decreto: 05/07/2017
Versión imprimible
CVD: wDCFwH4UYtSg22fpm+8w
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000081

## Anexo V. Celga: validacións

O sistema de validacións dos Celga é o seguinte:

**1. Serán validables polo Certificado de lingua galega 1(Celga 1):**

- O certificado do curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia ata a entrada en vigor desta orde.
- O certificado de curso de lingua galega para non galego-falantes impartidos polas universidades galegas, ata a entrada en vigor desta orde.
- O certificado do nivel básico dos estudos de galego da UNED ata a entrada en vigor desta orde.

**2. Serán validables polo Certificado de lingua galega 2 (Celga 2):**

- O título de graduado escolar, sempre que se estudase toda a EXB ou primaria en Galicia e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- O certificado do curso de nivel medio de lingua e cultura galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia, ata a entrada en vigor desta orde
- O certificado do nivel medio dos estudos de galego da UNED ata a entrada en vigor desta orde.
- O certificado de ter cursado e aprobado as materias de ciencias sociais e as materias optativas de galego da ESO nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e Castela e León, subscrito entre ambas as dúas comunidades.

**3. Serán validables polo Certificado de lingua galega 3 (Celga 3):**

- O título de graduado en educación secundaria obrigatoria (ESO) ou técnico auxiliar (FP1), sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- O certificado do ciclo inicial de galego expedido polas escolas oficiais de idiomas.
- O certificado de ter cursado e aprobado as materias de ciencias sociais e as materias optativas de galego na ESO e no bacharelato nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e Castela e León, subscrito entre ambas as dúas comunidades.
- **Certificado de aptitude dos cursos de Iniciación de lingua galega (segundo Orde do 1º de abril de 2005 )**

**4. Serán validables polo Certificado de lingua galega 4 (Celga 4):**

- O título de bacharelato (LOXSE ou BUP) ou técnico de FP2, sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- A certificación do curso de especialización en lingua galega para profesores de EXB.

**5. Serán validables polo Certificado de lingua galega 5 (Celga 5):**

- O título de licenciado en filoloxía galega ou filoloxía hispánica (subsección de galego-portugués).
- Calquera outro título de licenciatura, diplomatura ou equivalente, sempre que se acompañe de certificación de que se cursaron, polo menos, 18 créditos de lingua galega, e se estea en posesión do Celga 4.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº 71/2017 - Fecha de decreto: 05/07/2017
Versión imprimible
CVD: wDCFwH4UYtSg22fpm+8w
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000081**

- O certificado do ciclo superior de galego, expedido polas escolas oficiais de idiomas conforme ao programa previsto no Real decreto 47/1992, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os contidos mínimos correspondentes ao ensino especializado das linguas españolas impartidas nas escolas oficiais de idiomas.

Atendendo á *ORDE de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecementos da lingua galega (Celga).* (DOG. núm. 34 do 19 de febreiro de 2014).CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA:"Tres. A disposición adicional segunda queda redactada da seguinte maneira: «Disposición adicional segunda. Valoración de méritos e requisitos

1. Para a valoración de méritos, naqueles casos nos que proceda, e para o acceso á función pública galega, así como naqueles procedementos nos que se esixa o coñecemento da lingua galega, excepto para o estipulado na letra c) do apartado 5 do anexo I da presente orde, terá a mesma validez posuír **as certificacións de aptitude dos niveis de lingua galega oral, iniciación e perfeccionamento** (expedidas ao amparo da Orde do 19 de xaneiro de 1989 e da Orde do 1 de abril de 2005, ou da normativa anterior) que posuír as certificacións de aptitude dos Celga 1, Celga 3 e Celga 4, respectivamente.

2. Nas bases das convocatorias de oposicións, concursos de méritos ou en calquera outro procedemento estableceranse os niveis de lingua esixidos como requisito ou como mérito. Para iso, todos estes procedementos terán que axustarse ás convalidaciones establecidas na presente orde»."

Para facer efectiva a validación débese proceder do xeito seguinte:
No caso de que o título ou certificado para validar corresponda ao ensino regrado preuniversitario, é dicir, EXB, Primaria, Secundaria ou Formación Profesional, a validación correspondente deberá solicitarse ao secretario/a do centro no que se estudou, xa que alí se custodian as cualificacións.
No resto dos casos, as validacións solicitaranse á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

En Boqueixón, mércores 5 de xullo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Decreto Nº: 74/2017 - Fecha de decreto: 05/07/2017
Versión imprimible
CVD: wDCFwH4UYtSg22fpm+8w
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000082**

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SOCORRISTA

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000082

**ANTECEDENTES:**

Na Resolución da alcaldía ditada o día 29 de xuño iniciouse a contratación dun socorrista ó ser necesario para o correcto funcionamento da piscina municipal que nestes momentos está aberta ó público.

O prezo máximo do contrato é de 4.000 euros, que é a subvención da Deputación para a contratación dun/dunha socorrista para os meses de xullo e agosto.

Solicitáronse ofertas a 3 empresas do sector, para que enviaran as súas propostas, obtendo os seguintes resultados:

Serviocio - comunicou que non xestionaban piscinas de verán

Aquafit Gestión, SL - non enviou ningunha proposta

CPM Eventos - envia unha proposta na que consta o prezo de 1650,00 euros/mes + IVE

(1.996,5 euros)

Polo tanto e debido á urxencia da contratación no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

Adxudicar o contrato do servizo de socorrista á empresa CPM Eventos por un importe mensual de 1650,00 euros + IVE

Comunicar este acordo á empresa adxudicataria

En Boqueixón, xoves 6 de xullo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 75/2017 - Fecha de decreto: 06/07/2017
Versión imprimible
CVD: m2gNgIrdjjWXJJYTCWkC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs. 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000083

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CONTRATACIÓN DE 4 OPERARIOS DE SERVIZOS MÚLTIPLES

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000083

**ANTECEDENTES:**

Visto o Decreto de data 5 de xullo, no que se resolvía a contratación de 4 traballadores como operarios do servizos múltiples, segundo subvención concedida pola Deputación da Coruña dentro do Programa de Integración Laboral de Boqueixón.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1.- Que se proceda á contratación dos traballadores don José Olimpio Agrelo García, don Manuel Fernández Buján, don José Manuel Vázquez González e don Manuel Carlos Agrelo Fernández, para a prestación de servizos como operarios de servizos múltiples de acordo coas seguintes condicións:

- Alta : 6/07/2017
- Categoría profesional : Peón
- Coste salarial bruto: 949,82 euros/mes
- Seguridade Social Concello : 329,59 euros/mes
- Grupo de cotización : 10 / G
- Modalidade de contrato : 501 Obra/Servizo determinado a tempo parcial (80%).
- Duración do contrato : Dende o 6/07/2017 ata o 5/12/2017.
- Aportación Municipal : 0

2.-Dar conta desta resolución ós interesados para o seu coñecemento e efectos.

En Boqueixón, xoves 6 de xullo de 2017

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 76/2017 - Fecha de decreto: 06/07/2017
Versión imprimible
CVD: 1Hz7G0QOtLBr54rN77Hr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000083**

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº 76/2017 - Fecha de decreto: 05/07/2017
Versión imprimible
CVD: 1Mz7G0QOtLBr54rN77Hr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000084

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** DATAS E NOMEAMENTO COMISIÓN SELECCIONADORA PROCESO SELECTIVO DE 1 PEÓN FORESTAL ENCARGADO/A DO VEHÍCULO MOTOBOMBA.

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000084

**ANTECEDENTES:**

A Oficina de Emprego de Santiago Norte remitíu candidatos/as preseleccionados para a solicitude de novos candidatos para a contratación de 1 peón forestal encargado/a do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMB). Previa solicitude realizada por esta entidade con data o 4 de xullo de 2017.

Con data do 5 de xullo de 2017, a oficina de Emprego remite 3 candidatos e identifica a oferta co código 12-2017-4893:

A Oficina de Emprego de Santiago Norte permite que o concello de Boqueixón contacte directamente a través do teléfono ou correo electrónico que constan nos curriculum vitae dos/as candidatos/as que remite, para convocarlles ó proceso de selección e facilitarlle o temario.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1.- Establecer as datas das probas de selección:

1.1 Para a realización da proba escrita:

Data: 12/07/2017

Hora: 09:30 h.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

1.2 Para a realización da proba práctica:

Data: 12/07/2017

Hora: 10:30 h.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

1.3 Para a realización da baremación méritos:

Data: 12/07/2017

Hora: 12:00 h.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 77/2017 - Fecha de decreto: 07/07/2017
Versión imprimible
CVD: XMU+X2S7NiB5j7aCT+8H
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000084

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

2.- Nomeamento da comisión seleccionadora:

PRESIDENTE: JUAN MANUEL CORRAL SÁNCHEZ, funcionario do concello de Boqueixón; SUPLENTE: ROSARIO CANABAL VÁZQUEZ, funcionaria do concello de Boqueixón,

SECRETARIA: ELENA SUÁREZ RODRÍGUEZ, secretaria-interventora do Concello de Boqueixón; SUPLENTE: ADELA LAMELA ARTEAGA, funcionaria do concello de Boqueixón,

VOGAL 1: JUAN MANUEL FREIRÍA BREY, funcionario do concello de Boqueixón; SUPLENTE: PILAR PAZOS SANTASMARINAS, funcionaria do concello de Boqueixón

VOGAL 2: LOURDES GARCÍA ABEIJÓN, funcionaria do concello de Boqueixón SUPLENTE: JOSÉ MARÍA SOUTO TEMES, funcionario do concello de Boqueixón

VOGAL 3: ANSELMO CAEIRO VILLAR, funcionario do concello de Boqueixón; SUPLENTE: MARÍA VICTORIA NEGRÍN BLANCO, funcionaria do concello de Boqueixón.

3.- Convocar os candidatos remitidos a través de correo electrónico e en ausencia deste dato no curriculum vitae aportado pola Oficina de Emprego de Santiago Norte convocar por teléfono. Neste último caso, realizarase ata un máximo de 3 chamadas para realizar a convocatoria do candidato. Os candidatos se lles informará sobre as bases de contratación.

4.- Poñer en coñecemento esta resolución e as bases ós membros da comisión seleccionadora. Os membros da comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, debendo notificalo á presidencia. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusarlles se concurrese algunha daquelas circunstancias

5.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da casa do concello de Boqueixón.

En Boqueixón, venres 7 de xullo de 2017

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 77/2017 - Fecha de decreto: 07/07/2017
Versión imprimible
CVD: XMU+X2S7NiB5j7aCTw8H
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000084

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

ecreto Nº 77/2017 - Fecha de decreto: 07/07/2017
ersión imprimible
VD: XMU+X2S7NiB5j7aCTw8H
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000085**

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CAMBIO NA DATA DE CELEBRACIÓN PLENO ORDINARIO

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000085

**ANTECEDENTES:**

O vindeiro mércores 12 de xullo do 2017 corresponde efectuar a sesión plenaria ordinaria, para a que se debe efectuar a convocatoria o día de hoxe, 7 de xullo do 2017.

O xoves 6 de xullo do 2017, o departamento de urbanismo presenta en secretaría o documento dun plan especial de infraestruturas e dotacións para turismo enolóxico en Boqueixón para a súa aprobación en pleno.

Tendo en conta que coa convocatoria do pleno débese remitir a documentación aos concelleiros a cal non se puido completar por falta de tempo para a súa elaboración .

Tendo en conta, así mesmo, que é necesario a aprobación do citado plan a maior brevidade e polo tanto non convén deixalo pendiente ata a sesión plenaria do mes de setembro nin convocar unha sesión extraordinaria para aprobación exclusivamente deste punto

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1. Trasladar a celebración da sesión plenaria ordinaria ao día 19 de xullo do 2017.

2. Comunicar esta resolución aos señores concelleiros/as para o seu coñecemento e alegacións que estimen oportunas, nos seu caso.

En Boqueixón, venres 7 de xullo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Manuel Fernández Munín (NIF 33273242Q) (FECHA 07/07/2017)
Decreto Nº 78/2017 - Fecha de decreto: 07/07/2017
Versión imprimible
CVD: Uy3X4RqV0ejrWOSmiPy8
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000086

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** PROMOVER INCIDENTE DE NON EXECUCIÓN DE SENTENZA

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000086

**ANTECEDENTES:**

Polo Xulgado Contencioso Administrativo número 2 de Santiago de Compostela, no PO 258/2012, ditouse sentenza desestimatoria do recurso contencioso administrativo 258/2012 interposto por don José contra o acordo da Xunta de Goberno do concello de Boqueixón pola demolición das obras consistentes na ampliación dunha estabulación existente cun ancho de 5 metros; e un largo de 17 metros; resultando unha superficie aproximada de 85 m2 , deixando unha distancia de 5 metros ao lindeiro sur do predio, executada na finca 740, do polígono 503, no lugar de Santabaia, Vigo, en Boqueixón.

Posteriormente , don José presenta recurso de apelación o cal foi desestimado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Contra dita sentenza non cabe recurso ordinario algún.

Á vista da normativa urbanística vixente a día de hoxe parece posible a legalización das actuacións executadas o abeiro da Disposición Transitoria 4ª da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e cumprindo coas condicións da Instrución 1/2016.

Cumpríndose o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e constando así mesmo os informes sectoriais e os informes técnicos municipais favorables para a legalización das obras executadas, de conformidade coa legalidade urbanística vixente:

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1. Promover o correspondente incidente de non execución da sentenza ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo número 2 de Santiago de Compostela, no PO 258/2012.

2. Comunicar esta resolución á Asesoría Xurídica da Deputación Provincial da Coruña para que presente o correspondente incidente de non execución ante o correspondente órgano xudicial.

En Boqueixón, luns 10 de xullo de 2017

O Alcalde/Presidente

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 79/2017 - Fecha de decreto: 11/07/2017
Versión imprimible
CVD: PY9xufLz2OTibVmK3+7t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000086**

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

ecreto Nº: 7?/2017 - Fecha de decreto: 11/07/2017
ersión imprimible
VD: PY9xufLz2OTibVmK3+7t
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000089**

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** AUTORIZACIÓN DE TIRADA DE FOGOS EN SUCIRA

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000089

**ANTECEDENTES:**

O día 11 de xullo con rexistro de entrada núm. 17/1500 don José Luís con dni en representación da Comisión de festas de Sucira, presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Sucira os días 18 e 19 de xullo 2017.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais ( DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia ( DOG. núm. 140 do 23.07.2012).
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra neglixencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

En Boqueixón, martes 11 de xullo de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín

Decreto Nº: 907/2017 - Fecha de decreto: 11/07/2017
Versión imprimible
CVD: gHw4llYTG7eEDJDI6PV1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000090

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** AUTORIZACION DE TIRADA DE FOGOS EN SERGUDE

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000090

**ANTECEDENTES:**

O día 11 de xullo con rexistro de entrada núm. 17/1501 don Juan pirotécnico de Vedra, con dni presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Sergude os días 15 e 16 de xullo 2017.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais ( DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia ( DOG. núm. 140 do 23.07.2012).
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra neglixencia ou imprudencia.
5. 5.Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

En Boqueixón, martes 11 de xullo de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 81/2017 - Fecha de decreto: 11/07/2017
Versión imprimible
CVD: 2/DMioluK7jrzRcTSyE0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000087

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** DATAS E NOMEAMENTO DA COMISIÓN SELECCIONADORA DO PROCESO SELECTIVO DE 4 PEÓNS FORESTAIS PARA CONSTITUIR AS BRIGADAS DE PREVENCIÓN, VIXIANZA E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000087

**ANTECEDENTES:**

Previa solicitude realizada por esta entidade con data o 5 de xullo de 2017, á Oficina de Emprego de Santiago Norte, con data do 10 de xullo de 2017, remitiu 7 candidatos preseleccionados (identificando a oferta co código 12-2017-4886) para a contratación de 4 peóns forestais para cubrir as vacantes resultantes do proceso selectivo anterior, polos que se seleccionaban 6 peóns forestais para constituír as brigadas de prevención, vixianza e defensa contra incendios forestais. Os candidatos son:

| APELIDOS E NOME |
|---|
| ESPERANTE LAGO DAVID |
| LODEIRO GUZMÁN JAVIER |
| LODEIRO GUZMÁN ISMAEL |
| MÁRTINEZ PÉREZ ISIDORO |
| SANTOS BLANCO JOSÉ MANUEL |
| SILVA HERMIDA JUAN MANUEL |
| UZAL MILLÁN RUBÉN |

A Oficina de Emprego de Santiago Norte permite que o concello de Boqueixón contacte directamente a través do teléfono ou correo electrónico que constan nos curriculum vitae dos candidatos que remite, para convocalos ó proceso de selección e facilitarlles o temario.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1.- Establecer as datas das probas de selección:

1.1 Para a realización da proba escrita:

Data: 17/07/2017

Hora: 10:00 h.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

1.2 Para a realización da baremación méritos e tempo en desemprego:

Data: 17/07/2017

Hora: 11:00 h.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº 82/2017 - Fecha de decreto: 11/07/2017
Versión imprimible
CVD: x4bC04xnLXz6tUZfQ9bY
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000087**

2.- Nomeamento da comisión seleccionadora:

PRESIDENTE: JUAN MANUEL CORRAL SÁNCHEZ, funcionario do concello de Boqueixón; SUPLENTE: JOSÉ MARÍA SOUTO TEMES, funcionario do concello de Boqueixón,

SECRETARIA: ELENA SUÁREZ RODRÍGUEZ, secretaria-interventora do Concello de Boqueixón; SUPLENTE: ADELA LAMELA ARTEAGA, funcionaria do concello de Boqueixón,

VOGAL 1: ROSARIO IGLESIAS IGLESIAS, funcionaria do concello de Boqueixón; SUPLENTE: JUAN MANUEL FREIRÍA, funcionario do concello de Boqueixón

VOGAL 2: ANSELMO CAEIRO VILLAR, funcionario do concello de Boqueixón SUPLENTE: LOURDES GARCÍA ABEIJÓN, funcionaria do concello de Boqueixón

VOGAL 3: MARÍA VICTORIA NEGRÍN BLANCO, funcionaria do concello de Boqueixón; SUPLENTE: ELÍAS RODEIRO TATO, persoal laboral fixo do concello de Boqueixón.

3.- Convocar ós candidatos remitidos a través de correo electrónico e, en ausencia deste dato no curriculum vitae aportado pola Oficina de Emprego de Santiago Norte, convocar por teléfono. Neste último caso, realizarase ata un máximo de 3 chamadas para realizar a convocatoria do/a candidato/a. Os/as candidatos/as se lles informará sobre as bases de contratación.

4.- Poñer en coñecemento esta resolución e as bases ós membros da comisión seleccionadora. Os membros da comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, dedendo de notificalo á presidencia. Así mesmo, os aspirantes poderán recusarlles se concurrese algunha daquelas circunstancias.

5.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da casa do concello de Boqueixón.

En Boqueixón, martes 11 de xullo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

ecreto Nº: 82[illegible]/2017 - Fecha de decreto: 11/07/2017
ersión imprimible
VD: x4bC04xnLXz6tUZfQ9bY
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000088

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CONTRATACIÓN PECHE CAMPO DE FUTBOL FORTE

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000088

**ANTECEDENTES:**

Coa finalidade de rematar a obra incluída no Plan PAS 2015 denominada Melloras no campo de fútbol do Forte e outro por importe de 36.058,06 euros, que se realiza por administración, é preciso colocar a rede de seguridade de nylon para o peche perimétrico do campo de fútbol.

Estes traballos aparecen reflectidos no proxecto cun importe de 10.234,40 euros.

Nas bases de execución do presuposto contémplase que todos aqueles contratos de servizos que superen os 3.000 euros e sexan inferiores a 18.000 euros, será preceptiva a consulta a tres empresas para a súa posterior adxudicación.

Á vista disto e sendo urxente a realización de dita obra e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Solicitar presupostos para a realización deste traballo ás seguintes empresas:

Construcciones Concifa, SL

Barqueiro, 1- Sta. Cruz do Salto

15621 Cabanas

Excavaciones José Varela Iglesias

Socortes, 22

15873 Val do Dubra

Hnos. Couto Fandiño, SL

Iglesia, s/n

15881 Boqueixón

Conceder un prazo máximo de 5 días para a presentación de ofertas debido á urxencia que ten

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 83/2017 - Fecha de decreto: 11/07/2017
Versión imprimible
CVD: EYmmhOKRvE2uqOIuDurs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000088**

rematar os traballos. O importe máximo de licitación é de 10.234,40 euros.

En Boqueixón, martes 11 de xullo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 93/2017 - Fecha de decreto: 11/07/2017
Versión imprimible
CVD: EYmmhOKRvE2uqOIuDurs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000091**

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO DENOMINADO RÚA HIXINIO ANSEMIL DA AVDA. PICO SACRO Á TRAVESÍA MILLEIRÓS E OUTRA

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000091

**ANTECEDENTES:**

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, estableceu as bases reguladoras e convocou as subvencións que se recollen na Orde do 30 de decembro de 2016 pola que se establece as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (DOG. Núm. 14, do 20 de xaneiro de 2017), que se modificou pola Orde do 12 de xuño de 2017 para ampliar a súa dotación económica e o prazo de execución e xustificación dos proxectos subvencionados (DOG núm. 115 do 19 de xuño).

O concello de Boqueixón aproba presentar a solicitude de subvención na Xunta de Goberno celebrada nesta entidade o día 16 de febreiro de 2017, e presenta na sede electrónica da Xunta de Galicia a solicitude de subvención para o Proxecto denominado Rúa Hixinio Ansemil de Avda. Pico Sacro á travesía Milleirós e outra o día 17 de febreiro de 2017.

Mediante resolución do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, notificada polo sistema de notificación de Galicia o día 10 de xullo de 2017, concedéuselle á entidade Concello de Boqueixón unha subvención por importe de 39.928,30 € para o proxecto denominado Rúa Hixinio Ansemil de Vda. Pico Sacro á Travesía Milleirós e outra, que ten un orzamento total de 49.910,37 € (IVE excluído).

O artigo 12 da citada Orde de convocatoria establece que a entidade beneficiaria disporá dun prazo de 10 días a partir do día seguinte da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención e das condicións contidas nela, ou ben comunicar a renuncia á subvención concedida. Esta aceptación inclúe, en todo caso o compromiso de execución completa do proxecto que fundamentou a resolución de concesión. Transcurrido o prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tácitamente aceptada a subvención.

A tramitación e contratación das obras realizarase segundo o estipulado no artigo 14 da orde de convocatoria.

A execución e xustificación das actuacións subvencionadas remata o 31 de outubro de 2017 (inclusive), tal e como dispón o artigo 15 da Orde de convocatoria. Non existe a posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 84/2017 - Fecha de decreto: 12/07/2017
Versión imprimible
CVD: YjH5Pig+/yxizKHQICCf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000091**

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1º Aceptar a subvención concedida e as condicións contidas na convocatoria e na resolución de concesión por importe de 39.928,30 € para o proxecto denominado Rúa Hixinio Ansemil de Vda. Pico Sacro á Travesía Milleirós e outra.

2º Comunicar esta resolución ó departamento de secretaría-intervención, contratación, contabilidade, e ó coordinador de servizos e obras.

En Boqueixón, mércores 12 de xullo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Decreto Nº 84/2017 - Fecha de decreto: 12/07/2017
Versión imprimible
CVD: YjH5Pig+/yxizKHQICCf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000092

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO DE ACONDICIONAMENTO PARCELA PARA PARQUE MÓBIL EN O FORTE

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000092

**ANTECEDENTES:**

1. O pleno da corporación na sesión que tivo lugar o día 10 de decembro do 2015 acordou participar no Plan de Acción Social 2015 e solicita a inclusión do proxecto denominado "adquisición e acondicionamento dunha parcela no lugar de O Forte" . Importe: 140.034,40 €.

2. Posteriormente, por resolución da alcaldía de data 16 de marzo de 2016, modificouse o acordo plenario anteriormente citado, no senso de incluír no Plan de Acción Social os seguintes investimentos:

- Por un lado: acondicionamento da parcela situada no lugar de O Forte para parque móbil. Presuposto: 40.696 €
- Por outro lado: adquisición da parcela situada no lugar de O Forte. Presuposto: 98.918,56 €.

3. Por resolución da alcaldía de data 25 de abril de 2016, unha vez máis, apróbase a modificación do proxecto a incluír no Plan de Acción Social.

4. Por último, o pleno que tivo lugar o 14 de setembro de 2016 acordou aprobar a modificación do expediente e consecuentemente a participación no PAS 2015 incluíndo os seguintes investimentos:

- Acondicionamento da parcela para parque móbil: 40.696,00 €
- Adquisición parcela: 98.918,56 €

5. Nesta data, procedeuse, unha vez máis coa modificación do proxecto, aínda que manténdose o mesmo importe.

Nesta nova modificación só se inclúen os cálculos estruturais de cimentación e alicerces e se corrixen os erros matemáticos nos cálculos das diferentes partidas.

Por todo isto, e tendo en conta que a vindeira sesión plenaria terá lugar o 19 de xullo deste ano, e o proxecto modificado débese remitir á Deputación Provincial da Coruña urxentemente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 857/2017 - Fecha de decreto: 12/07/2017
Versión imprimible
CVD: Zc8oxVvWra+SUbDyPDUB
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000092

Tendo en conta, así mesmo, que o proxecto polo seu importe é competencia da alcaldía e ademais que xa foi aprobado polo pleno posto que foi incluído nun plan cuxa competencia corresponde ao pleno municipal.

Considerando que o importe do proxecto modificado mantense o mesmo que o aprobado polo pleno xunto co Plan de Acción Social.

Considerando, que esta alcaldía ten delegadas as súas competencias delegables na Xunta de Goberno Local, procede avocar o coñecemento deste asunto por motivos de índole técnica ao ter que remitirse o proxecto modificado á maior urxencia e en todo caso antes da celebración da próxima sesión plenaria do día 19 de xullo do 2017 e da xunta de goberno do 20 de xullo do 2017, e en cumprimento do establecido no artigo 10 da Lei 40/2015 do Réxime Xurídico do Sector Público.

Por todo o cal, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1. Avocar o coñecemento deste asunto por motivos técnicos.

2. Aprobar o proxecto modificado de acondicionamento dunha parcela no lugar de O Forte para parque móbil, cun orzamento total de 40.696,00 €, incluído no Plan de Acción Social 2015.

3. Ratificar esta resolución na vindeira sesión plenaria.

4. Remitir esta resolución á Deputación Provincial da Coruña.

En Boqueixón, mércores 12 de xullo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 857/2017 - Fecha de decreto: 12/07/2017
Versión imprimible
CVD: Zc8OxVvWra+SUbDyPDUB
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000093**

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** DECRETO DE NOMEAMENTO DO TECNICO DE INFORMACION TURISTICA

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000093

**ANTECEDENTES:**

Unha vez rematado o proceso selectivo para a contratación laboral de 1 Técnico/a- Axente de Turismo para un período de 4 meses e 25 días mediante o programa DP0029/2017 da Deputación da Coruña, polo que se subvenciona ó concello de Boqueixón para a contratación de persoal para oficinas de turismo a concellos de menos de 50.000 habitantes para o exercicio 2017

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1 Que non se presentaron reclamacións no período establecido de 10 días a contar dende o día 29 de xuño ata o día 12 de xullo de 2017.

Quedando como titular: JULIA NOYA REY: 8.60 puntos.
Quedando como suplentes: ÁNGEL LÓPEZ REBOREDO: 7.40 puntos.

2 Nomear como titular para a contratación a JULIA NOYA REY e nomear como suplente a ÁNGEL LÓPEZ REBOREDO.

3 Proceder a realizar a contratación da titular dende o 17 de xullo de 2017, por un período de 4 meses e 25 días. A xornada é a tempo completo e axustada ás necesidades do servizo. Denominación da ocupación: técnico de información turística. Salario bruto mensual incluíndo a parte proporcional das pagas extras: 1.457,45 euros.

4 Comunicar esta resolución ó departamento de secretaría-intervención, contratación de persoal, e ó coordinador de servizos e obras.

En Boqueixón, xoves 13 de xullo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Decreto Nº 86/2017 - Fecha de decreto: 13/07/2017
Versión imprimible
CVD: Oqvz6mAlMQDKbjwcU1SV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000094

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CONTRATACIÓN TÉCNICO DE TURISMO

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000094

**ANTECEDENTES:**

Visto o Decreto de data 13 de xullo de 2017, polo que se rematou o proceso selectivo para a contratación de un Técnico/a-Axente de Turismo mediante o programa DP0029/2017 da Deputación da Coruña para a contratación de persoas para oficinas de turismo a concellos de menos de 50.000 habitantes para o exercicio 2017.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1.- Que se proceda á contratación de dona Julia Noya Rey, para a prestación de servizos como Técnica-Axente de Turismo, de acordo coas seguintes condicións:

- Alta : 17/07/2017
- Categoría profesional : Técnico
- Coste salarial bruto: 1.103,29 euros / mes
- Seguridade Social Concello : 354,16 euros/mes
- Grupo de cotización : 2 - A
- Modalidade de contrato: 401 / Obra/Servizo determinado a tempo completo.
- Duración do contrato : Dende o 17/07/2017 ata o 11/12/2017 (ambos inclusive).

2.-Dar conta desta resolución á interesada para o seu coñecemento e efectos.

En Boqueixón, venres 14 de xullo de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 87/2017 - Fecha de decreto: 14/07/2017
Versión imprimible
CVD: JJcK0MKNpPYe9af/LFeA
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000096**

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA RENOVACIÓN ALUMBRADO PÚBLICO

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000096

**ANTECEDENTES:**

En el BOE del día 17 de Junio de 2017 sale publicado el Real Decreto 616/2017, de 16 de junio, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del Programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020.

Dentro de las medidas y actuaciones subvencionables se encuentra la Renovación de las instalaciones de alumbrado, iluminación y señalización exterior, acción que este Ayuntamiento está interesado en solicitar.

Para llevar a cabo la petición de la ayuda, el Ingeniero Técnico Industrial, Pablo Rojo Losada, realiza una memoria descriptiva de las obras necesarias para llevar a cabo la renovación de 6 instalaciones de alumbrado, la sustitución de luminaria viales instaladas por otras de tipo LED y el arreglo o sustitución de cuadros medida, mando y protección adaptándolos al nuevo sistema de alumbrado que se instale.

El importe total las obras asciende a 128.930,16 euros de los cuales el IDAE financiaría el 80% y el restante 20% sería con cargo al presupuesto municipal.

Debido a que la concesión de la ayuda es por orden de entrada en el organismo correspondiente, es necesario agilizar su tramitación, teniendo en cuenta que a día de hoy se abre la plataforma para el envio de la documentación.

Por lo tanto y según se solicita en el real decreto en uso de las atribuciones que me otorga la legislación del régimen local, RESUELVO

1 Aceptar y participar en el procedimiento regulado por este Real Decreto

2 Aprobar las siguientes actuaciones que componen el proyecto singular subvencionable:

a) Renovación de 6 instalaciones de alumbrado, realizando la sustitución de 232 puntos de luz de vapor de alta presión por luminarias LED.

b) Substitución de luminarias viales instaladas ( de 70 a 250 W) por luminarias LED de 30 a 100 W.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 387/2017 – Fecha de decreto: 15/07/2017
Versión imprimible
CVD: SikzkWtuavljlLDm8Ayp/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000096**

c) Renovación, arreglo o sustitución de cuadro medida, mando y protección adaptándolo al nuevo sistema de alumbrado con luminarias con tecnología LED, se realizará la instalación de un reloj astronómico en cada cuadro y la sustitución de elementos de protección.

La dotación presupuestaria para llevar a cabo dichas actuaciones es de 128.930,16 euros, de los cuales el Ayuntamiento se compromete a aportar el 20% según se especifica en la orden de la subvención.

3 Aprobar la memoria descriptiva de las actuaciones que se pretenden realizar confeccionada por el Ingeniero Técnico Industrial, don Pablo Rojo Losada.

4 Enviar la documentación necesaria para la solicitud de subvención a la dirección de internet del IDAE habilitada para el efecto.

En Boqueixón, martes 18 de xullo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 88/2017 - Fecha de decreto: 15/07/2017
Versión imprimible
CVD: SikzkWtuavljLDm8Ayp/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000097**

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** AUTORIZACION DE TIRADA DE FOGOS EN GASTRAR

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000097

**ANTECEDENTES:**

O día 18 de xullo con rexistro de entrada núm. 17/1562 don Juan Manuel pirotécnico de Vedra, con dni presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Gastrar o día 22 de xullo 2017.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais (DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG. núm. 140 do 23.07.2012).
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra neglixencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

En Boqueixón, martes 18 de xullo de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 83/2017 - Fecha de decreto: 18/07/2017
Versión imprimible
CVD: PRo4e2I++bMdB9wNFipf
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000098

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** AUTORIZACION FESTAS DE SAN ANTONIO EN GASTRAR

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000098

**ANTECEDENTES:**

Con data 17 de xullo, rexistro de entrada número 2017/1551, don José con D.N.I. e domicilio no lugar de Casalpeguito, parroquia de Gastrar, en representación da Comisión de festas Santa Mariña de Gastrar, solicita licenza para verbenas e bailes ao aire libre durante as festas populares de San Antonio en Gastrar o día 22 de xullo do 2017.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1º Conceder a Comisión de festas Santa Mariña de Gastrar, licenza para a realización de verbenas e bailes en Gastrar coas seguintes:

**Día:** 22/07/2017

**Tipo de espectáculo :** Verbena ao aire libre consistente baile pola noite a cargo de Dúo Pachi e Montse.

**Características do escenario :** Dúo Pachi e Montse

Camión caixa pechada de 6,40 mts. de longo, 2 mts. de ancho e 3 mts de alto.

**Previsión de asistencia de público:** 100 persoas

**O horario será de:** Sesión vermú dende as 14:00 ata ás 15:00 horas con música e pola noite verbena con baile dende as 23:00 á 2:00 horas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº 90/2017 - Fecha de decreto: 19/07/2017
Versión imprimible
CVD: q81agin6NAkfHadIpw01
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000098

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.

- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos danos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

En Boqueixón, mércores 19 de xullo de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto N.º 90/2017 - Fecha de decreto: 19/07/2017
Versión imprimible
CVD: q8lagin6NAkfHadIpw01
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000099

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** NOMEAMENTO DO XURADO DO "I CONCURSO DE XARDINEIRAS DE BOQUEIXÓN"
**EXPEDIENTE:**2017/G003/000099

**ANTECEDENTES:**

Por Xunta de Goberno do día 22 de xuño de 2017 aprobáronse as bases do *I Concurso de Xardineiras de Boqueixón*.

Do 1 ata o 21 de xullo permanece aberto o prazo para que se inscriban os/as participantes no concurso.

Debendo nomear un xurado profesional e imparcial que valore as creación dos/as participantes, fixar a data de visita ás xardineiras e criterios de valoración das mesmas.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1.- Fixar o venres 28 de xullo ás 09:00h. como data e hora de visita ás xardineiras participantes por parte do xurado.

2.- Nomear como membros do xurado:

- MARGARITA DEVESA CARDELLE (xardineira profesional). Concello de Vedra.
- JAVIER PICHEL ORTIGUEIRA (xardineiro profesional). Concello de Santiago de Compostela.
- CARLOS ABEL MARQUEZ (xardineiro profesional). Concello de Ames.

3.- Fixar como criterios de valoración das xardineiras os seguintes:

- Mantemento e coidados (estado de xardineira).
- Sentido estético e asociación de plantas.
- Orixinalidade /creatividade.

Os empates producidos nas puntuacións finais obtidas dirimiranse atendendo á puntuación máis alta acadada no primeiro criterio de valoración, se segue existindo empate atenderase á puntuación máis alta acadada no segundo criterio de valoración, se segue existindo empate atenderase á puntuación máis alta acadada no terceiro criterio de valoración.

4.- Comunicar este acordo ós membros do xurado.

En Boqueixón, xoves 20 de xullo de 2017

O Alcalde/Presidente
Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

ecreto Nº: 91/2017 - Fecha de decreto: 21/07/2017
ersión imprimible
VD: 1GXjw6C9fPclitGCJCh7
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000102

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CONTRATACIÓN TRABALLADORES ENCARGADOS DO VEHÍCULO MOTOBOMBA

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000102

**ANTECEDENTES:**

Visto o Decreto de data 27 de xullo, no que se resolvía a contratación de 3 traballadores forestais encargados do manexo e actuación do vehículo motobomba (V.M.B.).

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1.- Que se proceda á contratación dos traballadores don Julián Mareque Rey, don Daniel Canosa Montero e don Rubén Uzal Millán, para a prestación de servizos como traballadores forestais de acordo coas seguintes condicións:

- Alta : 27/07/2017
- Categoría profesional : Peón forestal conductor motobomba
- Coste salarial bruto: 1.187,27 euros/mes
- Seguridade Social Concello : 411,99 euros/mes
- Grupo de cotización : 10 / D
- Modalidade de contrato : 401 Obra/Servizo determinado a tempo completo.
- Duración do contrato : Dende o 27/07/2017 ata o 10/11/2017.
- Convenio de colaboración subscrito coa Consellería do Medio Rural: 16.747,50 € / mes, incluíndo os gastos de persoal, equipamentos e mantemento.
- Aportación Municipal : 0

2.-Dar conta desta resolución ós interesados para o seu coñecemento e efectos.

En Boqueixón, xoves 27 de xullo de 2017

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 92/2017 - Fecha de decreto: 27/07/2017
Versión imprimible
CVD: HV6fr+swRXLFYP77sAHv
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000102**

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 92/2017 - Fecha de decreto: 27/07/2017
Versión imprimible
CVD: HV6fr+swRYLFYP77sAHv
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000101

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CONTRATACIÓN TRABALLADORES BRIGADAS DE INCENDIOS

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000101

**ANTECEDENTES:**

Visto o Decreto de data 27 de xullo, no que se resolvía a contratación de 10 traballadores forestais para formar parte nas brigadas de prevención, vixianza e defensa contra incendios forestais 2017, segundo convenio de colaboración subscrito coa Consellería de Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1.- Que se proceda á contratación dos traballadores máis abaixo relacionados para a prestación de servizos como traballadores forestais, de acordo coas seguintes condicións:

1.1 Xefes de brigada:

- Dona Alba María Devesa Fernández
- Don Gustavo Valentín Barcia Dopazo
- Alta : 27/07/2017
- Categoría profesional : Xefe de Brigada
- Coste salarial bruto: 1.187,27 euros/mes
- Seguridade Social Concello : 411,99 euros/mes
- Grupo de cotización : 8 / D
- Modalidade de contrato : 401 Obra/Servizo determinado a tempo completo.
- Duración do contrato : Dende o 27/07/2017 ata o 26/10/2017.
- Aportación Municipal : 0 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº 93/2017 - Fecha de decreto: 27/07/2017
Versión imprimible
CVD: jeczqOWazmPG+yeB/8I5
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000101

1.2 Peóns forestais conductores:

- Don José Cajide Gómez
- Don Victor Rendo Fernandes
- Alta : 27/07/2017
- Categoría profesional : Peón conductor
- Coste salarial bruto: 1.128,94 euros/mes
- Seguridade Social Concello : 391,74 euros/mes
- Grupo de cotización : 10 / D
- Modalidade de contrato : 401 Obra/Servizo determinado a tempo completo.
- Duración do contrato : Dende o 27/07/2017 ata o 26/10/2017.
- Aportación Municipal : 0

1.3 Peóns forestais de brigada:

- Don Alberto Cajide Neira
- Don Diego López Agrelo
- Don José Manuel Santos Blanco
- Don Isidoro Martínez Pérez
- Don Javier Lodeiro Guzmán

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº 9?/2017 - Fecha de decreto: 27/07/2017
Versión imprimible
CVD: jeczqOWazmPG+yeB/8I5
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000101

- Don Ismael Lodeiro Guzmán
- Alta : 27/07/2017
- Categoría profesional : Peón forestal
- Coste salarial bruto por traballador: 1.070,60 euros/mes
- Seguridade Social Concello por traballador: 371,50 euros/mes
- Grupo de cotización : 10 / D
- Modalidade de contrato : 401 Obra/Servizo determinado a tempo completo.
- Duración do contrato : Dende o 27/07/2017 ata o 26/10/2017.
- Aportación Municipal : 0

2.-Dar conta desta resolución ós interesados para o seu coñecemento e efectos.

En Boqueixón, xoves 27 de xullo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 93/2017 - Fecha de decreto: 27/07/2017
Versión imprimible
CVD: jeczqOWazmPG+yeB/8I5
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000100

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** NOMEAMENTO PARA A CONTRATACIÓN DE BRIGADAS DE INCENDIOS E MOTOBOMBA

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000100

**ANTECEDENTES:**

Una vez rematado o proceso selectivo para a provisión de 2 brigadas de prevención, vixianza e defensa contra incendios forestais, e para a provisión do persoal encargado do manexo e actuación do vehículo motobomba, e realizadas as probas médicas e físicas ós candidatos, e presentadas as renuncias dos titulares e suplentes das prazas de peóns forestais das brigadas:

- renuncia de Cajide Gómez José e Rendo Fernándes Victor, para optar á contratación de peón forestal condutor de brigada,

- renuncia de Agrelo Fernández Manuel Carlos para optar á contratación de operario de servizo múltiples no Programa de Integración Laboral da Xunta de Galicia,

- renuncia de Uzal Millán Rubén, para optar á contratación de peón forestal.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1 Nomear como titulares para a contratación:

Para a provisión de 2 xefes de brigada:

DEVESA FERNÁNDEZ ALBA MARÍA, con DNI.

BARCIA DOPAZO GUSTAVO V., con DNI.

Para a provisión de 2 peóns forestais condutores de brigada:

CAJIDE GÓMEZ JOSÉ, con DNI.

RENDO FERNÁNDES VICTOR, con DNI.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

ecreto Nº: 947/2017 - Fecha de decreto: 27/07/2017
ersión imprimible
VD: i+5x9eyh2HPr5tCB/L+c
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000100

Para a provisión de 6 peóns forestais de brigada:

LÓPEZ AGRELO DIEGO, con DNI.

CAJIDE NEIRA ALBERTO, con DNI.

LODEIRO GUZMÁN JAVIER, con DNI.

SANTOS BLANCO JOSE MANUEL, con DNI.

MARTINEZ PÉREZ ISIDORO, con DNI.

LODEIRO GUZMÁN ISMAEL, con DNI.

Para a provisión de peóns forestais encargado do manexo e actuación do vehículo motobomba:

MAREQUE REY JULIÁN, con DNI.

CANOSA MONTERO DANIEL, con DNI.

UZAL MILLÁN RUBÉN, con DNI.

2 Os traballadores contratados para formar as 2 brigadas de prevención, vixianza e defensa contra incendios forestais iniciarán a contratación con data do 27 de xullo de 2017, por un período de 3 meses.

3 Os traballadores contratados de peóns forestais encargados do manexo e actuación do vehículo motobomba, iniciarán a contratación con data do 27 de xullo de 2017, por un período de 3,5 meses.

4 A modalidade contractual é de contrato temporal por obra ou servizo a tempo completo. A xornada estará axustada ás necesidades do servizo.

5 Comunicar este acordo ó departamento de contratación de persoal e ó de secretaría e intervención e ó coordinador de obras e servizos do concello de Boqueixón

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº 94/2017 - Fecha de decreto: 27/07/2017
Versión imprimible
CVD: i+5x9eyh2HPr5tCB/L+c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000100

En Boqueixón, xoves 27 de xullo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 97/2017 - Fecha de decreto: 27/07/2017
Versión imprimible
CVD: i+5x9eyh2HPr5tCB/L+c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000103

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** APROBACIÓN CONVENIO RAMSA PARA PROMOCIÓN DA CULTURA

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000103

**ANTECEDENTES:**

O Concello de Boqueixón, a través do departamento de Educación e Cultura, ten dentro dos seus obxectivos o de propoñer actividades de creación cultural e apoiar a entidades e persoas que promovan iniciativas enmarcadas nesta liña de acción.

Deste modo, o concello organizou, neste ano 2017, a cuarta edición do Certame de relatos "Xosé Neira Vilas Vilas", co obxectivo de potenciar a lectura e a creatividade literaria e fomentar valores como a liberdade, o respecto e a tolerancia.

Ademáis, adquiríu un lote de exemplares da publicación do libro "Camiños na sombra"; gañador do I Concurso de relatos "Balbino" e prevese a adquisición doutro lote do libro premiado na segunda edición deste ano.

O Concello de Boqueixón decidíu tamén adquirir un lote de 66 exemplares do libro Pico Sacro. Ferido polo lóstrego e a lenda, que reúne a obra de noventa autores e autoras arredor deste noso monte lexendario, baixo a coordinación de Xosé Manuel Lobato e Miro Villar.

Polo tanto, debido a que urxe a colaboración económica para o pago de facturas

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración con Rocas, Arcillas y Minerales, SA (RAMSA) para a promoción da cultura no Concello de Boqueixón, nos termos que a continuación constan:

## CONVENIO DE COLABORACIÓN

No Concello de Boqueixón, a 27 de xullo de 2017

## REUNIDOS

Dunha parte, D. Manuel Fernández Munín, con DNI ., alcalde do CONCELLO DE BOQUEIXÓN, con CIF P1501200H e domicilio no lugar de O Forte- Boqueixón 15881 (A Coruña).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº 95/2017 - Fecha de decreto: 27/07/2017
Versión imprimible
CVD: TResJnC9xzluBtrsH01b
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000103

E doutra D. Rafael Fuentes Martín, con DNI director de “ROCAS, ARCILLAS y MINERALES, S.A. (RAMSA)”, con CIF A-39007943 e domicilio en San Pedro de Vilanova, 15885 Vedra (A Coruña).

Ambas partes recoñécense mutuamente, a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio e ó seu efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que dentro dos obxectivos da área de cultura do Concello de Boqueixón está o de propoñer actividades de creación cultural e apoiar a entidades e persoas que promovan iniciativas enmarcadas nesta liña de acción.

Segundo.-. Que RAMSA conta cun programa de acción social, que ten entre os seus fins a promoción da cultura nos concellos nos que desenvolve as súas actividades mineiras.

Terceiro.- Que dentro do espíritu de boa veciñanza e colaboración forxado ao longo de máis de 30 anos de explotación da mina Serrabal, entre o Concello de Boqueixón e RAMSA, acordaron subscribir o presente convenio de obrigas recíprocas sobre as relacións entre ambas entidades.

E por elo ,

ACORDAN

1. RAMSA, fará unha achega económica ao CONCELLO DE BOQUEIXÓN por importe de Tres mil cincocentos cincuenta e nove con oitenta euros (3.559,80 €), para costear os gastos da adquisición de varios exemplares do libro Pico Sacro. Ferido polo lóstrego e a lenda, da publicación do I Concurso de relatos "Balbino" , así como os gastos relativos á organización do IV Certame de relatos Xosé Neira Vilas.

2. A achega económica farase efectiva en tres prazos mediante transferencia bancaria na conta bancaria a nome do Concello de Boqueixón: ES51 2080 0320 2031 1000 0344. O primeiro pagamento realizarase no mes de xullo por importe de 990 euros, o segundo no mes de outubro por importe de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 95/2017 - Fecha de decreto: 27/07/2017
Versión imprimible .
CVD: TResJnC9xzluBtrsH01b
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es



1.360 euros e o pagamento final será no mes de decembro, por importe de 1.209,80 euros. O concello remitirá a RAMSA o correspondente certificado de toma de razón en contabilidade unha vez recibidos os ingresos.

3. O Concello de Boqueixón, fará constar a colaboración de Rocas, Arcillas y Minerales, SA. (RAMSA) en todas as accións de difusión que realice en relación con esta adquisición.

4. As partes comparecentes na representación que ostentan, outorgan validez e carácter executorio ó presente acordo, asinándoo por exemplar duplicado, no lugar e data do encabezamento indicado.

SEGUNDO.- Comunicar esta resolución a Rocas, Arcillas y Minerales, SA. e ao departamento de tesoureiría do concello.

En Boqueixón, xoves 27 de xullo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº 957/2017 - Fecha de decreto: 27/07/2017
Versión imprimible
CVD: TResJnC9xzluBtrsH01b
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000104

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** AUTORIZACION FESTAS DO CARMEN EN LOUREDA

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000104

**ANTECEDENTES:**

Con data 31 de xullo 2017, rexistro de entrada número 2017/1652, don José en calidade de presidente da Asociación Cultural e de festexos de Loureda, solicita licenza para verbenas e bailes ao aire libre durante a festa popular do Carmen en Loureda o día 6 de agosto do 2017.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1º Conceder a Asociación Cultural e de festexos de San Pedro en Loureda, licenza para a realización de verbenas e bailes en Loureda coas seguintes:

**Día:** 06/08/2017

**Tipo de espectáculo :** Verbena ao aire libre e baile pola noite con música a cargo do Orquestra Manchester

**Características do escenario :** Orquestra Manchester

Camión Semi-remolque de 2,5 mts. de ancho e 12,20 mts. de longo

**Previsión de asistencia de público:** 400 persoas

**O horario será de:** Sesión vermú con música a cargo Orquestra Manchester de 13:30 a 15:30 horas e pola noite de 22:30 a 3:00 horas.

2º A licenza concédese condicionada a:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 96/2017 - Fecha de decreto: 31/07/2017
Versión imprimible
CVD: gyGtZFAdRjz/71UD0cde
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000104

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.

- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos danos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

En Boqueixón, luns 31 de xullo de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 96/2017 - Fecha de decreto: 31/07/2017
Versión imprimible
CVD: gyGtZFAdRjz/71UD0cde
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.